

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

ANUNCIO do 16 de agosto de 2023, da Xerencia da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés, polo que se comunica a publicación da convocatoria pública para a provisión de postos de coordinador/a do Servizo de Atención Primaria.

De conformidade co establecido no Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG núm. 145, do 29 de xullo), modificado pola Lei 4/2020, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 19, do 29 de xaneiro de 2021), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 24 de maio de 2006 (DOG núm. 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e no uso das atribucións conferidas polo Decreto 134/2019, do 10 de outubro, polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia (DOG núm. 204, do 25 de outubro), o xerente da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés

RESOLVE:

Primeiro. Anunciar a convocatoria para a provisión, polo procedemento de libre designación, de postos de coordinador/a de Servizo de Atención Primaria da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés, que se relacionan no anexo I.

Segundo. As retribucións dos postos ofertados serán as que correspondan de acordo coa orde anual pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica.

Terceiro. As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse, preferentemente, no rexistro da Xerencia da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés, sito na rúa Loureiro Crespo, núm. 2, Pontevedra, ou a través de calquera dos procedementos do artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto. As bases íntegras da convocatoria estarán expostas nos taboleiros de anuncios da dirección e na intranet da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés, así como na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Pontevedra, 16 de agosto de 2023

José Manuel Flores Arias
Xerente da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés



ANEXO I**Prazas**

Código	Denominación	Prazas	Servizo/Unidade
S-A2-357	Coordinador/a Servizo de Atención Primaria	1	Servizo de Atención Primaria A Lama-Ponte Caldelas (Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés)
S-A2-357	Coordinador/a Servizo de Atención Primaria	1	Servizo de Atención Primaria Poio-Anafáns (Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés)
S-A2-357	Coordinador/a Servizo de Atención Primaria	1	Servizo de Atención Primaria Soutomaior-Arcade-Vilaboia (Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés)

